

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-07

PARTE 1 (Texto oral)

A continuación, vai vostede ver dúas veces seguidas unha reportaxe sobre a actriz Dorotea Bárcena. Tome as notas que precise.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none">▪ Como se chama?▪ A que se dedica?▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Que lle gusta máis da cultura galega?▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido da reportaxe.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Que conta a actriz da súa nenez?▪ Cando comezou a traballar no teatro?▪ Que outros labores desempeñou no mundo artístico? Que pensa facer aínda?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:</p> <ul style="list-style-type: none">A. "As lembranzas da infancia son coma unha forza interior que nos acompaña toda a vida."B. "O que se fai por vocación faise moito mellor."C. "Por máis que nos esforcemos, nunca deixará de haber diferenza entre homes e mulleres."D. "Despois de moitos anos de traballo, non é fácil seguir coa mesma ilusión do comezo."	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

OPCIÓN A

"As lembranzas da infancia son coma unha forza interior que nos acompaña toda a vida."

- Que opina vostede de manterse preso aos recordos? Por que?
- Hai quen di que os nenos felices se convierten en adultos máis realizados. Está vostede de acordo? Por que?
- Pensa vostede que na infancia xa podemos ter algún indicio do que seremos de maiores? Por que? Podería dar algún exemplo?
- Se puidese volver á súa infancia, que cousas lle gustaría facer? Que cousas non repetiría? Por que?
- Cre que os nenos de hoxe aproveitan menos a nenez ca os de antigamente? Por que?
- Ao parecer, hoxe en día os nenos participan nalgunhas decisións importantes sobre a súa educación. Coida que iso está ben? Por que?
- *(Se procede)* Como se educan os nenos no seu lugar de procedencia? Que opinión lle merece?

OPCIÓN B

"O que se fai por vocación faise moito mellor."

- Vostede pensa que todas as persoas teñen unha vocación especial para algunha actividade ou profesión determinada? Podería dar algún exemplo?
- Considera que a maioría das persoas traballa no que realmente lle gusta facer? Podería mencionar algún exemplo?
- Pensa vostede que un profesional ben preparado pode desempeñar o seu traballo de xeito inmejorable, aínda que non teña vocación para facelo? Coñece algún caso?
- Cre que a escolla dun oficio ten que estar sempre relacionada coa aptitude dunha persoa? Por que?
- Á hora de elixir unha carreira/un oficio para estudar ou un traballo, que factores considera que se deben ter en conta?
- Cre que, ás veces, a insistencia en seguir a vocación pode limitarlle máis as posibilidades a unha persoa? De que xeito?
- Se lle ofrecesen un traballo modesto que lle gusta e outro moi ben pagado, pero que non lle apetece facer, cal escollería? Por que?
- *(Se procede)* No seu lugar de procedencia dáselle importancia ao tema da vocación? Que opinión lle merece?

OPCIÓN C

“Por máis que nos esforcemos, nunca deixará de haber diferenza entre homes e mulleres.”

- Cre vostede que as diferenzas entre homes e mulleres son cada vez menos marcadas? Por que?
- Hai áreas profesionais nas que os traballadores son maioritariamente homes ou mulleres. Ocórreselle algunha? A que cre que se debe? Pensa que se xustifica dalgún xeito?
- Na súa vida diaria, hai cousas que considera que as fai mellor unha muller ou un home? Cales? Por que?
- Considera que o traballo que vostede fai (ou para o que se prepara) podería ser desempeñado indistintamente por un home ou unha muller? Por que?
- Algunhas persoas opinan que podería haber unha intervención política máis directa na distribución dos postos administrativos entre homes e mulleres. Coida que así habería máis igualdade neste ámbito? Por que?
- *(Se procede)* Existen diferenzas en cuestións de igualdade entre Galicia e o seu lugar de orixe? Que opinión lle merece?

OPCIÓN D

“Despois de moitos anos de traballo, non é fácil seguir coa mesma ilusión do comezo.”

- Algunhas persoas opinan que, no traballo, cando chega a estabilidade marcha o entusiasmo. Está vostede de acordo? Por que?
- Que opina sobre tanto investimento na formación profesional? Cre que hai sempre unha recompensa?
- Que factores considera relevantes para o benestar laboral dunha persoa? Por que?
- Dorotea Bárcena, cando se sentiu limitada dalgún xeito, optou por traballar pola súa propia conta. De estar no seu lugar, faría vostede o mesmo?
- Gustaríalle ter o seu propio negocio? Por que? Que vantaxes e desvantaxes cre que ten unha persoa autónoma?
- Vostede prefire traballar en grupo ou individualmente? Que vantaxes e inconvenientes pensa que ten cada unha destas formas?
- Se o/a nomeasen xefe/xefa dun equipo ou dunha empresa, que faría para manter os traballadores contentos e unidos? Parécelle algo fácil? Por que?
- *(Se procede)* No seu lugar de procedencia, como se leva o tema da formación profesional? Que opinión lle merece?